

No Peirao



n a d a l
2 0 0 6

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE RIBEIRA

En Ribeira, como en Venecia

A repetición das inundacións na antiga Rúa Venecia sinala ao *Goberno Municipal* como *responsábel*.



A Directora Xeral de Comercio, Ana Rúa, mantivo unha xuntanza cos comerciantes afectados para informarles das axudas que se van habilitar dende a Consellería de Inovación e Industria. Medio Rural e Vivenda tamén anunciaron a dotación de axudas.

AS RÚAS DE RIBEIRA ANEGADAS

O pasado 18 de novembro moitos veciños e veciñas viron novamente o asolamento das súas vivendas e comercios. Aínda que sexa repetido, non sería bo pensar que se trata dun problema sen solución, que é consecuencia inevitábel das fortes choivas, que é normal que se repita e que non lle hai que facer. Ao contrario, hai moito que facer, e o **Goberno do PP é o responsábel**.

Entre as causas da desfeita debemos mencionar a moi **deficiente rede de sumidoiros** que ten instalada este inoperante goberno dende hai anos. E non nos referimos aos sumidoiros máis antigos: nas Abesadas, urbanización moi recente, **o río vai canalizado pola tubería de fecais** que discorre por Rosalía de Castro. Así o comprobou a voceira do BNG, Dominga Brión, acompañada de persoal técnico. Explicase deste xeito que desborden mesmo as tapas dos rexistros. E volvera-

no facer se non se aplica a solución: desviar o río das Abesadas á canle do Ameñeiro que, con capacidade sobrada, discorre a carón pola mesma rúa. Se o Goberno do PP o sabe, por qué non actúa?

Situacións semellantes danse noutros lugares: O Río de Fondevila ocasionalmente rebosa a canalización que vai dar á dársena, anegando todo o entorno da praza do Mercado Municipal. En Padín, despois de facer as obras da rotonda, rebordan as augas dos sumidoiros ao chover. No río Listres consentíuse o entubamento dun tramo, agravando os problemas de augas que xa se producían. Deficientes canalizacións ocasionan tamén problemas en Deán, Coroso, Corrubedo... En todos estes lugares xúntanse a precaria rede de saneamento coa máis salvaxe especulación urbanística. Se a isto engadimos a total **permisividade e nulo control por parte dos responsábeis municipais**, o resultado salta á vista.

2 Millóns de € para o Parque Empresarial da Barbanza en 2007

UNHA OBRA CAPITAL PARA RIBEIRA O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, e o Director Xeral de Vivenda e Solo detallaron en Ribeira as características do que será o novo Parque Empresarial Comarcal. Estará incluído no proxecto *Galiza Suma*, estratéxico para Galiza nos vindeiros 20 anos.

Con especial atención ao impacto ambiental e paisaxístico, o novo parque disporá dunha moderna depuradora e amplas zonas verdes. Tamén se contempla un depósito de auga potábel, unha subestación eléctrica, ademais das pertinentes conexións viarias (Norte e Sur) coa futura autovía da Barbanza.

No 2007 iníciase a compra de terreos e a redacción do proxecto definitivo de urbanización. **Agárdase que as obras comencen a principios de 2008.**

Na presentación do novo parque, e a preguntas de empresarios asistentes, o Director Xeral de Vivenda avanzou un prezo estimativo de 60 €/m² de chan urbanizado, que os interesados consideraron "moi competitivo".

Pese ás escandalosas reticencias, cando non obstáculos con evidentes intereses políticos, do goberno municipal do PP, unha das máis urxentes necesidades para o desenvolvemento económico do noso pobo vai adiante.



O Vicepresidente Quintana, acompañado da Conselleira de Vivenda e do Conselleiro de Inovación e Industria xa presentara en Ribeira no pasado Xuño o novo polígono industrial.

Abesadas e Cubeliños mesmo goberno, mesmos problemas

OS VECIÑOS ORGANÍZANSE Os veciños e veciñas das Abesadas e Cubeliños deciden constituírse en asociación veciñal para reclamar do Goberno Municipal **que se poña fin ás eivas e discriminacións que sofre o barrio**. Pese a ser de recente creación, a zona padece xa os vellos problemas que hai en toda Ribeira.



Os veciños e veciñas expresaron a súa queixa pola situación xeral de abandono na que se atopan: deficiente conexión telefónica que lles impide o acceso á internet, falla de limpeza no barrio en xeral e no parque en particular, insuficiente número de contedores e inexistencia dos mesmos para recollida selectiva, así como a pésima recepción do sinal de TV (sobre a que o **Goberno Local non logrou ningún avance** malia ser aprobada por unanimidade en Pleno unha iniciativa do BNG nese senso hai xa máis dun ano), ou a colocación de placas co nome das rúas e numeración de vivendas. Tamén é manifesta a deficiente sinalización, tanto vertical como horizontal, das rúas e a inexistencia de pasos de peóns. Temos

que sinalar que todas estas deficiencias dependen do Concello, xa sexa por xestión directa ou indirecta.

O BNG quere manifestar que as numerosas carencias que se amorean nas Abesadas (un barrio novo) demostran que a inmensa maioría dos problemas que padece o noso concello non son só achacábeis a "erros históricos", senón á nefasta xestión do goberno do PP nos últimos anos, á súa desidia, acomodamento no poder e á súa teima en gobernar de costas á cidadanía. Neste sentido pensamos que o proceso de autoorganización iniciado nas Abesadas e Cubeliños dará, máis cedo que tarde, os seus froitos.

Queremos lembrar que o BNG demandou do goberno do PP unha **actuación integral** para ambas as dúas zonas.

Abandono das **Escolas públicas**

Cada mes de setembro o BNG ten que presentar a mesma moción en relación ao abandono dos centros de ensino público. Así nolo recordou a concelleira de educación, e vergoña debería darlle!, xa que nós preferiríamos non ter que presentala. O abandono é patente e as direccións dos centros apoiadas polo BNG reclaman: máis persoal de limpeza (só hai unha persoa en cada centro educativo), arranxos importantes que afectan á seguridade dos nenos e nenas (teitos que ameazan con derrubarse, patios inundados, desprendemento do forxado dos edificios...) son só algún exemplos das deficiencias denunciadas cada ano. **O PP votou en contra desta moción aducindo que "xa están niso"**. No vindeiro curso xa non teremos que volver a presentar esta moción: o Goberno Municipal do BNG encargárase de arranxar estas deficiencias para ter a punto os colexios antes do vindeiro curso escolar.

BREVES, MAIS IMPORTANTES

Noitebús desde as **parroquias** a Ribeira

A instancias do BNG, o Pleno Municipal aprobou unha iniciativa pola que se demandará da Consellería de Política Territorial a ampliación do Servizo de **NOITEBÚS** cara as parroquias de Ribeira.

Autobús para **Gude e O Vilar**

En Ribeira hai lugares, como Gude e O Vilar, nos que **non é que o transporte público funcione mal, é que nin existe**. Pese a ter unha boa vía de comunicación e levalo solicitado dende hai anos, por alí non pasa ningún autobús. Os veciños presentaron no Concello un escrito con máis de 400 sinaturas demandando unha liña de autobús, e o BNG cursou unha moción apoiando as ditas demandas.

Pobre **Rúa Ceuta!**

A **renovación** urxente dos sumidoiros (que xa teñen máis de 30 anos) e do pavimento da rúa Ceuta xa non se pode demorar máis. O Goberno, que se negaba a introducir a mellora, accedeu a facela logo das protestas dos veciños e da iniciativa presentada polo BNG no Concello.

Corrubedo: **grupo escolar. Irá desta**

Coma sempre o goberno municipal vai a rebufo das ideas da oposición. Logo de **múltiples iniciativas presentadas polo BNG durante anos**, o PP por fin destinou unha primeira partida económica –que aínda non consideramos suficiente– para o arranxo do Grupo Escolar de Corrubedo, que será destinado ao uso social.

Transporte **máis barato: por que non**

O problema do tráfico en Ribeira, agravado pola falta de aparcadoiros públicos de balde, fai que suframos o colapso nas nosas rúas. O BNG reclamou nunha moción o establecemento dun plan para promover o uso do transporte público, que inclúa a redución nos prezos dos billetes para colectivos con menos ingresos (**pensionistas, alumnado de bacharelato e ciclos...**). O PP votou en contra por consideralo un "gasto excesivo". Pola contra, ao Alcalde non lle parece moito incrementar os gastos do centenario (300.000 €) en 100.000 € máis, e até anunciar a súa "disposición a aumentala se fai falta".

O Goberno do PP **cambia 411m²** no centro de Ribeira **por unha toxeira na Fieiteira**

Mentres o prezo da vivenda se dispara en Ribeira, *o PP regala chan público* para pisos de luxo.

Unha permuta que dá o mesmo valor a un solar de 411 m² edificábeis no centro de Ribeira (a carón da Igrexa) que a outro de 1.300 m² (+26.000€) na Fieiteira pode ser legal (xa veremos), pero non é bo negocio para o que cede o solar na cidade. O **terreo público** que o Concello cede á empresa é urbanizábel, e nel poderíase construír, por exemplo, un edificio de 4 plantas de 100 m² cada unha. A leira cedida pola empresa ao Concello é chan que só pode dedicarse a equipamento e polo tanto de moito menor valor no mercado.

Se o Concello precisara de locais para novos servizos de aquí a un tempo, cou-

"Vendería o alcalde a súa casa polo valor catastral?"

sa probábel, canto lle custará un solar dese tamaño? Pois un mínimo de 300.000€ (50 millóns de pta.) segundo o valor de mercado. Se poñemos un valor (polo alto) da finca da Fieiteira en 60.000€, onde van os 240.000€ de diferenza que perde a cidadanía de Ribeira na operación?

Tendo en conta que o Concello está a pagar alugueres no centro de Ribeira (caso da oficina de recadación de multas) ou a urxente necesidade de terreos para vivenda



Ademais da vantaxosa permuta, a obra carece de licenza municipal: "onde hai confianza..."

protexida, non se pode negar que con esta permuta a cidadanía perde non só cartos senón tamén unha boa oportunidade. Como xustificación ao "negocio", o alcalde limitábase a dicir que a valoración dos terreos faise "en base ao seu valor catastral" e que é unha operación "totalmente legal". Tamén sería legal que el mesmo vendera a súa casa polo valor catastral, pero sobrarían amigos que lle dixeran que

se trata dunha mala operación financeira. Non o faría. Por que o fai co patrimonio de todos e todas? **Quén gaña nesta operación?** Dende logo a cidadanía perde.

Non é a primeira vez que o goberno realiza permutas deste estilo. Hai pouco realizou unha cunha empresa que levanta unha urbanización en Insuela, Palmeira, na que traballaba o que logo chegou ser contratado como arquitecto municipal.

Oleiros e Olveira **servizos básicos, por dereito**

Veciños e veciñas de Oleiros mobilízanse contra a discriminación do Goberno do PP. "*Estamos fartos de tanta promesa incumprida, engano e discriminación*". Son palabras dos habitantes de Oleiros, que decidiron poñer fin a tanto tempo de pasividade diante do que moitos cualifican de "*burla do Goberno do Concello á parroquia*".

Os problemas de Oleiros seguen sendo os mesmos desde hai moitos anos: non teñen auga corrente, carecen de subministro eléctrico en condicións decentes, non dispoñen de sinal da maioría das cadeas de TV e sofren os problemas de tráfico nunha travesía cunha regulación nefasta. Na xuntanza que os veciños e veciñas mantiveron co BNG, decidiuse presentar unha iniciativa diante do Goberno Municipal pedindo a urxente solución de todos estes problemas empezando polo máis urxente: instar á empresa a acelerar os traballos da traída de augas a Olveira e



Oleiros, mesmo aumentando medios humanos e materiais. Tamén se pedía na iniciativa que se incluíse para o vindeiro ano a dotación de sumidoiros na Parroquia e que se dera conta das xestións do Alcalde para mellorar a recepción do sinal de TV.

Pese a que a iniciativa foi aprobada por unanimidade, cómpre indicar que ata agora, as xestións do Goberno Local foron nulas e que, polo tanto, as obras de traída de auga seguen ao lento ritmo anterior con sospeitosos e deslabazados movementos de maquinaria e persoal para enganar aos veciños dando sensación de apurar as obras. Non se aumentou nin os medios materiais nin humanos tal e como se aprobara solicitar na iniciativa.

En canto ás xestións feitas polo Alcalde para a mellora do sinal de TV (que xa fora presentada polo BNG en Abril de 2004) a resposta do alcalde en funcións (M. Ruíz) foi: "*...como o Sr Alcalde está de viaxe, sinto non poder informala, Sra. Brión*".



Cartel de Zeus para o Estatuto de 1936.

ESTATUTO GALEGO: PORQUE NACIÓN?

Galiza ten todas as características dunha nación, polo que precisa dun marco estatutario que se fundamente no recoñecemento do seu carácter nacional e que a sitúe no lugar que lle corresponde dentro do estado. **O Estatuto actual ten demostrado as súas limitacións para o noso desenvolvemento.** Temos competencias si, pero sen os recursos económicos axeitados, e propios, son inútiles.

Por iso é preciso que o Estatuto abra novas posibilidades para o enorme potencial que existe na nosa sociedade. Un Estatuto de nación é o marco necesario para o desenvolvemento de políticas estratéxicas que cambien definitivamente o errático rumbo que se iniciou en 1981.

Agora é o momento. Xa está ben de que falen por nós, reivindicuemos o que nos corresponde!!!

Goberno Municipal: ou limpo ou nada

"Os acordos do Pleno Municipal non son vinculantes". Son palabras do Alcalde Torres Colomer pronunciadas no salón de Plenos do Concello. Escusábase así o Sr. Torres da falla de cumprimento non xa das múltiples promesas feitas ao electorado de Ribeira, senón dos acordos tomados no Pleno pola maioría dos seus membros, moitas veces tamén concelleiros do goberno do PP e do mesmo Alcalde. Estas palabras, que polo que nos ten acostumados puideran parecer outra de tantas falcatruadas deste goberno –semellante ás continuas ocultacións das actas das Comisións de Goberno–, significan un recoñecemento explícito por parte do Goberno do PP de que a súa actuación non está dirixida polos acordos tomados en Pleno "por non ser vinculantes". Se non é así, quen lle marca as directrices de Goberno? **A que intereses responden as súas actuacións?**

Se o PP-Torres non acepta os órganos legais de goberno que o pobo de Ribeira elixe democraticamente e respecta os seus acordos, con que confianza pode mirar a cidadanía aos seus dirixentes? Ten razón a "vox populi" cando afirma que están a gobernar "para os amigos"? Que intereses se defenden? Os de algún sector empresarial (non precisamente local)? **Se Torres non está metido de cheo na democracia e na transparencia, en que está metido?**

PALMEIRA E AREEIROS: COSTAS DEBE RECTIFICAR

Un informe que a Consellería de Pesca do anterior Goberno da Xunta enviou a Costas indicando que ao núcleo dos Areeiros non se lle recoñecía a clasificación como "solo urbano de núcleo rural", mantén un conxunto de vivendas nunha situación de discriminación. Algo similar acontece en pleno núcleo urbano de Palmeira. O BNG sempre apoiou as reivindicacións e mobilizacións dos afectados, promovendo iniciativas no goberno local, galego e central. No verán pasado promovemos unha xuntanza co noso Deputado, Bieito Lobeira, á que logo se sumaron membros doutros grupos. De aí derivou unha entrevista dos afectados e representantes políticos coa Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, na que estivo a voceira do BNG de Ribeira, Dominga Brión, e se logrou o compromiso do Director Xeral de buscar unha de solución similar á posta en marcha no litoral de Marín.

Pasados dous meses, o BNG, por medio dos seus deputados, **urxe no Parlamento a procura dunha solución** para os Areeiros e Palmeira, pois consideramos que esta ten que ser de carácter político, como político foi o desafortunado informe do anterior Conselleiro. A Xunta de Galiza manifesta, por primeira vez, a intención solucionar este vello problema herdado. **Seguimos vixiantes.**



DOMINGA BRIÓN



Vivendas de promoción pública

A cidadanía contempla con impotencia como, de súpeto, a vivenda no noso Concello adquire prezos desorbitados e inasequibéis para moitos sectores sociais aos que os seus precarios salarios malamente lle dan para chegar a fin de mes.

O dereito a unha vivenda digna transfórmase nunha mera declaración de intencións, imposible de converterse en realidade para moitas persoas do noso concello. Os nosos gobernantes non poden mirar para outro lado mentres botamos fóra a moitas persoas, especialmente mozos e mozas, que teñen que ir a outros concellos para conseguir unha vivenda. O legado do PP neste eido é claro: **unha vintena de vivendas inacabadas en preto de vinte anos de goberno.**

Lembrems que son os concellos quen teñen a obriga, por lei, de ofertar os terreos necesarios para a construción de vivendas de promoción pública. É a Xunta a encargada da súa construción. A actual Conselleira, a nacionalista Tereixa Táboas, xa manifestou a súa decidida intención de incrementar este tipo de vivendas, mais estas non se poden construír no aire. É unha oportunidade que dende Ribeira non podemos desperdiciar.

O 10% do aproveitamento urbanístico que as empresas promotoras deben ceder ao concello nas actuacións en solos urbanos non consolidados, debera ir destinado prioritariamente a vivendas de promoción pública. Con este tipo de vivenda contribuímos tamén ao desenvolvemento económico local, a reducir o prezo das edificacións e a facer asequíbel a súa adquisición por parte de moitos sectores sociais, nomeadamente a mocidade, que ven desesperadamente como o auxe construtivo no seu concello faise de costas á súa realidade.

Velaí **o noso compromiso**: un Goberno Nacionalista no Concello de Ribeira, terá entre as súas prioridades poñer a disposición da Consellería de Vivenda e Solo os terreos necesarios para construír o maior número posíbel de vivendas de promoción pública. Contribuiremos deste xeito a facer realidade os sonhos de moitas persoas.

Contacta con nós
barbanza@bng-galiza.org
www.bng-galiza.org/barbanza